

# SÓLODOS EN DANZA / OURENSE / 2017

## WORKSHOPS ESTUDANTES



Taller de **danza contact** con **Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo**  
22 Nov: 18-19.15h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Taller de **danzas urbanas** con **Agnés Sales e Héctor Plaza**  
23 Nov: 18-19h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Taller de **danza contemporánea** con **Marina Fullana e Laura Llitteras · UnaUna**  
24 Nov: 18-19.15h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Inscripciones gratuitas por orden de recepción ata agotar prazas.

Envíanos nome, apelidos, email, teléfono de contacto e  
nome do taller que queres tomar a [info@solodos.es](mailto:info@solodos.es).

As persoas inscritas terán unha entrada para ver os espectáculos.



### Taller de Danza Contact con Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo

O Contact entendido como a arte e a técnica de proyectar estructuras no espazo, un xogo interminable de construir Arquitecturas no Aire. Nesta clase aprenderemos a compartir a gravedade con outros corpos explorando as diferentes intensidades e horizontes do contacto. Traballaremos a través de progresións metodolóxicas a técnica para proyectarnos por enriba doutros corpos, para portear e facer voar a outros corpos de forma segura e sen riscos.

Miguel Ángel nace en Castellón de la Plana. Cinturón negro de Judo pola Federación española. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (Universidad de León). Graduado en Danza Contemporánea no Conservatorio Profesional de Danza de Alicante. Graduado en kinesiología Holística pola Escuela Menz Venilia (Barcelona).

Traballou como profesor de Anatomía e Biomecánica aplicadas á Danza no Conservatorio Profesional de Danza de Alicante. Como intérprete traballou coa Compañía Otradanza, dirixida por Asun Noales (España) e colaborou coa Compañía Sólodos, dirixida por Erick Jiménez e Maruxa Salas (España/Costa Rica) e coa Compañía Cuatro x Cuatro, dirixida por Shanti Vera (México).

Actualmente compaxina o seu labor como docente, bailarín e coreógrafo, e dirixe a súa propia compañía: Tejido Conectivo.

### Taller de Danzas Urbanas con Héctor Plaza e Agnés Sales

Desde unha visión propia das danzas urbanas, caracterizadas pola enerxía e a imprenta que cada bailarín deixa no seu baile, traballaremos sobre a improvisación con algunas bases do hiphop como ferramenta de entrenamento, utilizando distintas dinámicas co obxectivo de atopar unha maneira propia de moverse e compartir a danza.

Agnés Sales

Nacida en Barcelona, comenzou a súa carreira como ximnasta no 1994, obtendo varios premios a nivel nacional. Mais tarde comenzou a bailar Hip Hop decantándose polo Break Dance, chegando a ser gañadora dúas veces consecutivas da BOTY de Francia no 2015 e no 2016. Posteriormente decidiu realizar a formación de danza contemporánea na escola Varium de Anna Sánchez, sendo becada durante o segundo curso. Paralelamente, Agnés adquiriu a titulación de licenciada en Ciencias da Actividade Física e o Deporte no INEFC de Barcelona. Actualmente colabora en varios proxectos coa compañía Iron Skulls e La Intrusa de Virginia García e Damián Muñoz.

Héctor Plaza

Nacido en Valladolid comenzou a súa carreira coas artes marciais (kick boxing), máis tarde volouse de cheo no Break Dance. No 2012 comenzou a súa formación como bailarín de danza contemporánea na escola Varium, desde entón traballou con bailarins e coreógrafos como Rafael Amargo, Ramon Oller ou Nadine Gerpacher. Actualmente intérprete da compañía Phisical Momentum Project de Francisco Córdoba Azuela e un dos pilares da compañía Iron Skulls.

### Taller de Danza Contemporánea con Laura Llitteras e Marina Fullana · UnaUna

Entrenamentos físicos para explorar a mobilidade de cada parte do noso corpo. Xogamos coa búsqueda do inesperado, a exploración dos límites físicos e o ritmo, externo e interno, do movemento. É un traballo corporal e físico usando elementos e pautas como a fluidez, a disociación e o control, sempre tendo en conta o corpo dentro dun tempo e un espazo.

Cia UnaUna nace da relación de dúas mulleres moi diferentes pero que á vez son unha mesma, e viven a súa traxectoria artística xuntas. Laura Llitteras e Marina Fullana coñécense en Mallorca no Conservatorio de música e danza de Palma. As dúas, unha vez finalizados os seus estudos en danza clásica se trasladan a Barcelona para continuar a súa formación en danza contemporánea e coreografía no Institut del Teatre. Ao rematar entran a formar parte do elenco da xove compañía It Dansa, dirixida por Catherine Allard. Durante a súa formación realizaron diferentes coreografías, unha das Dosis. Esta foi premiada no ano 2010 no certame Art Jove das Illes Balears, participou en Palma amb la Dansa (2012) e recentemente foi premiada no certame Sólodos En Danza / Ourense / 2016, cunha xira en Costa Rica. Ademais, teñen programadas diferentes funcións en España e Portugal. UnaUna tamén traballou con artistas plásticos como Joan Bennassar, nunha exposición no museo Es Baluard (2012) ou cos bailaríns Ole Kristian Tangen e Jesús Benzal coa peza Empty.After (2015).

